

anti/ antiago

Franqueo Concertado

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

O 28 de Xunio será o Plebiscito.
A traballar polo trunfo que poña a Galicia en marcha cara a unha nova vida.

CARA E CRUZ

UN EXEMPRO BEN ELOCUENTE

CENTRALISMO

O Estado gasta cada ano nos servizos de agricultura de Galicia a misería de 400.000 pesetas.

En troques, no resto da Hespaña gástanse as cantidades seguintes:

Reforma agraria.	52.000.000'—
Outros servizos agrícolas.	71.500.000'—
Servizos hidráulicos.	14.300.000'—
	137.800.000'—

Case 138 MILLONS de pesetas. Ademais está regalando 50 millóns aos trigueiros acaparadores da Ceda.

A Galicia, 0'16 por habitante e 13'79 por kilómetro cuadrado.

A Hespaña, 5'48 por id. e 270 por id. id.

A diferenza é ben sangrante. Sendo Galicia unha terra preponderantemente agrícola, o natural era que aquí se gastase máis.

Pois ben: por si eso fose pouco, jainda se preten- de suprimir a cativa subvención de 50.000 pesetas á benemérita MISION BIOLÓXICA!

¿Cando vai espertar Galicia i-er- guerse contra todas estas inxusticias?

AUTONOMÍA

Si estivese aprobado o Estatuto, estarían rexindo arestora os preceptos seguintes:

Artículo 14, apartado d).—Corresponde a Galicia: «O réxime agrario; a creación de institucións autónomas para a execución da súa reforma; e a ordenación e fomento de Montes, Agricultura e Ganadería, sen prexuício das bases mínimas de defensa da riqueza e coordinación da Economía xeral reservadas ao Estado.

Artigo 21.—A determinación do coste dos servizos cedidos á Rexión, farase cada cinco anos como sigue:

- a) Evaluando os que se transfiran, no momento da transmisión, sen excluir os que (por estar centralizada a súa financiación ou por outra causa) non produzan pago en Galicia ou a produzan en cantidade inferior á que Galicia lle corresponde» (que é o caso presente).
- b) Engadindo ou diminuindo á cifra que resulte de aplicar o apartado anterior a que represente o

coeficiente meo de aumento ou diminución que tiveron no quinquenio anterior os pagos feitos pola República no resto do seu territorio para os mesmos servizos.

Artigo 25.—Se o Estado emite Débeda, cuio produto haxa de se investire no resto do territorio para crear ou millorar servizos da crás dos transferidos a Galicia, ésta será compensada con unha parte da Débeda emitida proporcional á relación que exista entre a súa poboación e a total da Hespaña.

Na mesma forma será compensada a Rexión para atender a novos servizos ou funcións que no sucesivo se doten nos presupostos do Estado para o territorio do réxime común.

Ou sexa:

Que, conforme ao artigo 14, en relación co 21 a subvención da Misión Biolóxica aumentada na proporción debida, estaría atribuída a Galicia, e ningún no la podería quitar caprichosa e inxustamente, como agora.

Que, según o artigo 23, dos millóns gastados en Obras hidráulicas, Reforma agraria, é Réxime de trigo habería que dar a Galicia a seguinte cantidade.

Poboación da Hespaña	25 millóns.
Idem de Galicia	dous e meo.
Relación 1:10:	
Millóns gastados n-eses servizos,	116.
Idem que corresponde a Galicia (1:10),	11'6.

¡Nada d'esto podía sernos negado, porque xá foi concedido a Cataluña!

RESUME

E ben fácil de facer o resume; porque a diferenza entre a solución autonómica e a centralista salta aos ollos. O exemplo da Misión Biolóxica non pode ser máis elocuente. Pro hai cen mil máis.

¡Velahí a enorme responsabilidade que ante Galicia teñen contraída os enemigos do Estatuto!

Opoñéndose a que fose Plebiscitado favorablemente, retrasaron en varios anos a autonomía galega. Cada ano representa, como se ve, moitos millóns que a nosa Terra perde estúpidamente.

POR UNHA VEGADA

PARA ALUSIONS TORPES

Cego sería quen non teña notado que dende as columnas de «El Pueblo Gallego» alguén, acochado no anónimo, nos ven aludindo con reiteración torpe e malévola.

Uns días é a reticencia levián na editorial de turno; outros, o soltiño intencionado e capcioso; outros o tiro «por elevación» sobor do noso Partido, do noso semanario ou de algún irmán...

O ataque, desatentado e inxusto, que n-un dos derradeiros números se fixo ao irmán Alvarez Gallego a pretexto d-un artigo publicado n-estas columnas cuio verdadeiro senso se desnaturalizou, foi tan torpe que a estas horas o seu anónimo autor estará seguramente arrepenido pol-a reacción contraria e de indignación que produxo.

Nós sabemos que «El Pueblo Gallego» aínda que aparezca avalando a quen procede tan raposeiramente pouco ou ren ten que ver con tales soltos. Conoscemos a pluma, o estilo e o home. Sabemos a qué responde todo este bulir raposo.

Poderíamos decirlle a quen pretende dar consellos, ourentacións e pa-

Cara o Plebiscito

Como verían os lectores pol-a prensa cotián, están xa constituídos e comenzaron a súa actuación os Comités provinciales que se encargarán de dirixir os traballos preparatorios do Plebiscito.

Veñen xa desenrolando todos eles unha activísima actuación e os Comités locais estarán arestora formados na maor parte dos Concellos.

Os Concellos de que temos noticia que acordaron derradeiramente facer aportacións para os gastos son os seguintes: Allariz, Lorenzana, Ramirás, Meis e Cambre.

Celebrouse o domingo a xuntanza do Pleno do Comité Central para fixar a data do Plebiscito d-acordo xa co Goberno según a entrevista que con él tivo a representación que foi a Madrid.

Estiveron representados todol-os partidos i-entidades que compoñen o Comité e despóis de dar conta o segredario do resultado da entrevista co señor Casares Quiroga e de intervir a maor parte dos representantes que abundaron todos na concencia e necesidade de que o Plebiscito se fixera urxentementemete e dentro do prazo que a Asambrea tiña acordado ficou fixada a data para facer o Plebiscito.

Será o día 28 do corrente mes de Xunio.

Na mesma xuntanza acordáronse xa os primeiros actos de propaganda e laboura inmediata a realizar.

A primeira tirada de un millón de exemplares do Estatuto comenzou a ser espallada por toda Galicia.

Encarregáronse follas de propaganda, carteles e outros sistemas de espallamento das ventaxas do Estatuto que irán saindo ao público sucesivamente. Farase propaganda pol-as Estacións de Radio e por medio dos cines entre outras.

O domingo, pasado mañán, celebrárase na Cruña o primeiro acto grande na praza de touros no que falarán oradores dos partidos do Frente Popular. Será tamén unha festa de galeguidade á que concurrirán os coros da capital. De moitos poda provincia e tamén de algúns de Galicia organizanse excursións para asistir a este primeiro e solene acto.

O domingo seguinte intensificarase a propaganda oral con mitins nas outras capidaes e poboacións grandes da nosa Terra. Estes mitins alternaranse con algúns que xa se veñen dando en moitos Concellos ruraes e conferencias en varias sociedades agrarias.

O entusiasmo que xa se viña manifestando en toda Galicia arredor do próisimo Plebiscito do Estatuto aumentou de xeito extraordinario ao se saber xa en firme a data en que se celebrará.

De toda Galicia recibimos nós testimoños numerosos de este entusiasmo e manífica disposición da opinión galega e sabemos que tanto o Comité Central como os provinciales e locais reciben igualmente mostras afervoadas que anuncian o seguro éisito da gran xornada que para Galicia representa a data do 28 de Xunio.

Galegos: ¡Traballar polo éisito do Plebiscito é traballar pola redención da nosa Terra!

tentes de galeguidade que, despóis dos seus recentes e lamentábeles desacertos o prudente sería o silencio purgador ou, millor aínda, a colaboración nobre e patriótica sin rencores nin resentimentos que nós non provocamos.

maor de idade e supoñemos que non quererá escoitarnos tampouco agora, non pensamos insistir nos nosos consellos.

O que si debe saber é que non queremos polémica n-estes intres e que será inútil canto se faga para provocarnos. A opinión enxuciou xá e non somos nós os que percisamos recurrir ao seu fallo.

Que conste así.

Obras hidráulicas, secano e regadío

Os «sabios» do Centralismo fixeron un un gran proieto de obras hidráulicas, excluindo totalmente a Galicia.

Porque, según afirman, aquí chove moito e sóbranos auga.

Inda que, como iste ano, a cosecha de millo e de patacas se perdesen por falla de regos e a de viño en moitos sitios se perde tamén por exceso d-ela.

En troques, o Centralismo non se esquece de Galicia para nos cobrar unha boa parte d-isas obras que se van facer en outras terras.

Proiétase gastar n-elas. 5.000 millóns

E a Galicia tocaralle pagar uns. 220 »

Se non nos aumentan pol-o momento as contribucións, aumentarán a Deuda, como fixo a dictadura. O que ven a ser igual ou peor, porque isa Deuda devenga intreses e un día ou outro haina que pagar.

¡Imaxínese o que Galicia podería facer con ises 220 millóns adicados a millorar a nosa agricultura, que tanto o precisa, incluso en regadíos!

Porque inda que pensen e digan o contrario os «sabios» de Madrid, Galicia perde ao ano moitos millóns por falla de regos, que en moitas comarcas serían facilísimos de lograr.

Para convencerse abonda con eisaminar o seguinte cadro, cuías cifras poden comprobar nas estadísticas do Estado os «sabios» madrileños.

	S	R	Ha. S.	Ha. R.
Millo	11	21'54	150.000	37.600
Patacas 94'38	141'—		62.600	16.400

As dúas primeiras columnas indican a produción por Ha. de secano ou regadío; as dúas segundas, o número de Ha. de cada clase que se cultivan en Galicia.

¡Xa se comprenderá a enorme cantidade de millóns que Galicia perde por falla de regadíos n-isas dúas producións fundamentais da nosa comarca!

RG-106/1
Campa

A NOSA PROPAGANDA

Tres mitins en Paradela, Godos e Chantada

En Paradela En Godos

As catro da tarde tivo lugar o acto anunciado. Varios centos de persoas e con moitas mulleres congregáronse a redor da tábua.

Despóis de unhas verbas de presentación e encendido Galeguismo do irmán Pesqueira dirixiuse ao público o irmán

Antón Pintos

Pronuncia un breve discurso no que fala do significado que ten o Galeguismo e a Autonomía para Galicia como viño para atopar solución aos nosos problemas conquistar unha política nova que posibilite a redención da poboación labrega. Dirixe un saúdo aos irmáns do novo Grupo deixando a tribua ao irmán

Victor Casas

Comenza decindo que fai vinte anos comenzo o movemento galeguista. Vinte anos do laboura intensa contra toda crás de inimigos. Políticos e contrarios a que Galicia acadara algún día a súa liberación e erguemento integral.

Despóis de ese tempo hoxe xa todos adequeriron o convencimento de que a Autonomía é unha necesidade absoluta para Galicia. Aínda aqueles que ao principio se opuxeron chegaron a convencerse da súa necesidade.

Fala da política que durante a monarquía, na dictadura e na República veuse facendo en Galicia sempre de costas aos intereses materiais e espirituais da nosa Terra. Despóis de cinco anos de réxime republicán os problemas galegos siguen sin resolver. Dí que a culpa non é nin dos republicáns nin da República. A culpa é do centralismo, do réxime actual que non permite que os problemas galegos sexan resoltos.

Dí que o Partido Galeguista por ser o único partido político galego ten estudado todol-os problemas de Galicia e no seu programa figuran as solucións para eles. Solucións que somentes n-un réxime de autonomía poden ser acadadas xa que a Autonomía significa fundamentalmente eso: Que a vida de Galicia en todol-os seus aspectos sexa gobernada por Galicia que é a única que o pode facer xa que dende Madrid se lexista pensando no resto de Hespaña sin ter en conta para nada os nosos problemas particulares.

Como demostración sinala a actuación dos deputados galeguistas nas Constituíntes e nas Cortes actuaes a de outros deputados que se encontran materialmente imposibilitados de facer unha laboura eficaz por atopar sempre en contra a lexislación vixente e a oposición dos deputados do resto de Hespaña.

Demuestra con argumentos rotundos cómo o Estatuto favorable para Galicia desfacendo moitas das dúbidas existentes aínda encol da súa eficacia razonando con datos concretos o aforo económico que representará e o seu rendimento.

Fala do triunfo esquerdistas do 16 de Febreiro e do Frente Popular que é mester subsista para dar cumprimento Programa entre o que figura o da Autonomía galega. Alude a política local sinalando a necesidade de controlala para que non se poidan infiltrar nos partidos de esquerda os mesmos homes que viñeron actuando en outras políticas especialmente no segundo bienio.

Remata dirixindo un saúdo aos irmáns que compoñen o Grupo de Paradela decíndolles o que significa un Grupo Galeguista que non é un partido como os demais. No Grupo Galeguista non poderán ingresar os transfugas nin os vividores da política. Estes excusan de tratar de achegarse

porque os dirixentes do Grupo local non o permitirían.

Se lle aplaude moito en algúns momentos e ao remate do seu discurso.

Alvarez Gallego

Comenza con unhas verbas a prol do que representa a constitución de un Grupo Galeguista, encol do que exprica a actuación do Partido no orde autonomista e de exaltación da nacionalidade galega que rexurde arestora integralmente pol-a laboura realizada nos vinte anos que o Galeguismo leva de actuación.

Fala de cómo hoxe Galicia enteira comulga na idea autonomista que vai camiño de se converter en realidade pol-o triunfo das forzas de esquerda que son as que manteñen sinceramente a convicción de que é a única maneira de que os problemas galegos poidan acadar a solución axeitada.

Alude á campaña política das dereitas na que prometían todo incurso resolver o problema da tuberculosis. O Galeguismo non promete que co Estatuto se realice ningunha taumaturxia pero si que Galicia dona dos seus destiños poderá abranguer aquela vida de liberdade e melloramento a que ten dereito e que endexamáis podería conquistar sometida ao centralismo xa que o centralismo lexista para outras rexións sin lembrarse de Galicia nada máis que para facela padecer eternamente os perxucios de un sistema de indinante e inxusta desigualdade.

Refírese a cómo o Estado hespañol protexe as industrias das demais rexións—os panos cataláns, os ferros vascos, os carbóns asturiáns, os trigos de Castela, os aceites andaluces, as froitas de Levante—tendo esquecida e perxudicando sempre as nosas industrias como a gandeira e a conserveira ás que o Estado hespañol pechou os mercados con un arancel inxusto.

Con cifras elocuentes demostra a inxusticia tributaria que pesa sobor de Galicia facendo resaltar a diferenza de trato que do Estado reciben os vascos e cataláns. A prol d-esto dí que os galeguistas desexan as autonomías catalana e vasca pero, como Castelao dixo nas Constituíntes, no orde económico non poden estar conformes porque Galicia sigue sendo eternamente perxudicada.

Remata o seu discurso facendo un chamamento ao público para que o día do Plebiscito voten pol-o seu triunfo. O Estatuto non enche por inteiro as aspiracións do Partido Galeguista pero Galicia pode poñerse en marcha cara un porvir mellor. Pensando nos nosos fillos, anque non sexa por nós mesmos, temos o deber de lles deixar unha terra máis libre e máis próspera para que eles non teñan que soportar a vida miserente que os lebreiros de hoxe teñen vivida e viven aínda.

N-algúns párrafos e ao final do seu discurso é fortemente aplausado.

Vda. de Pío S. Carrasco
(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,
CONSIGNACIÓNS,
TRÁNSITOS.

VILAGARCIA
TELEGRAMAS: CARRASCO
APARTAMENTO NÚM. 3

Prelo de LA POPULAR.—Charino
Pontevedra

As seis da tarde celébrase o mitin de Godos. Unha representación do Grupo no que abundan os rapaces agarda no camiño, dous kilómetros antes de chegar ao lugar do mitin, pol-os oradores que son recibidos con bandeiras galegas e hespañolas e con bombas e vivas ao Partido e a Galicia.

Ao chegar ao sitio do mitin unha gran cantidade de público recibe aos oradores con moitos aprausos. Faíse unha visita ao local do novo Grupo e seguidamente comenza o acto con unhas verbas de presentación pronunciadas pol-o irmán Laxes presidente do Grupo de Godos.

Antón Pintos

Pronuncia breves palabras para lembrar que fai dazaioito anos él comenzo en terras de Ortigueira co poeta Taibo a orgaizar sociedades agrarias cheas xa do ideal galeguista para referirse a como a idea da redención de Galicia foi medrando até hoxe en que vai ser unha realidade.

Saúda aos irmáns do Grupo de Godos grupo que até fai pouco estaba avencellado ao de Baión, que él preside, e que hoxe conta xa con ampria liberdade e gran número de entusiastas irmáns.

Victor Casas

Comenza referíndose ao dito por Pintos encol da laboura feita fai tantos anos na provincia cruñesa onde naceu o movemento galeguista pol-o creación da Irmandade da Fala da Cruña.

Exprica o que é un grupo galeguista que non é un partido como poden ser os outros. No galeguismo a primeira condición é a da honestidade política e persoal. No galeguismo non caben os que andan de un lado para outro achegándose ao que manda. Dí que hai quen pensa que porque o Estatuto vai ser un feito os galeguistas van a ter nas súas mans a gobernación de Galicia e pensan que poderán repartir cárgos e prebendas. Os que tal pensan están trabucados xa que cando o Estatuto sexa imprantado en Galicia non mandará ninguén máis que o pobo xa que pol-a estrutura ampramente democrática da autonomía corresponde á opinión sinalar os homes e os partidos que goberarán. Por esta razón e porque o galeguismo, aínda despóis de imprantado o Estatuto, ten de seguir sendo un partido fiscalizador e nacionalista conservando a súa pureza perden o tempo os que queiran chegarse pois se verán burlados.

Dí que cando os galeguistas ao programarse a República decían que para Galicia significaría pouco si ademais non se conquira a autonomía non se trabucaron. Ahí están os feitos programando que a República non abonda. Non abonda porque conservou a súa estrutura centralista que é a negación absoluta das reivindicacións de Galicia. Hoxe os mesmos republicáns, os verdadeiros, acadaron o mesmo convencimento e se dispoñen a que non se perda para a nosa terra este triunfo electoral que entregou o poder ás esquerdas desprazando aos que prostituiron e adulteraron a República.

Analiza algúns puntos do Estatuto demostrando as súas ventaxas. Dí como se ha de votar o día do plebiscito sin pensar en ningún partido nin ter que lle consultar a ningún cacique. O día do plebiscito vaíse votar por Galicia, pol-a súa liberdade e pol-o conqnerimento de unha vida mellor.

Remata pedindo aos irmáns de Godos labouren intensamente pol-o ideal galeguista que vai camiño de converterse no ideal no que comulgarán todol-os galegos convencidos, espiritual e materialmente, de que non hai outro viño para a salvación de Galicia e dos seus fillos.

Se lle apraude longamente.

Alvarez Gallego

Inicia o seu discurso con uns párrafos cheos de lirismo adicados ao intre, ao lugar e á hora para dicir que ao vir a falar de galeguismo queremos avencellar o pensamento co público e pensar en Galicia, n-esta terra onde tivemos a honra de nacer e queremos vivir folgadamente porque a mesma terra o permite.

Saúda tomén aos galeguistas de Godos dos que agarda unha boa laboura no espallamento do galeguismo.

Exprica en que consiste a autonomía e fala das facultades que o Estatuto dá aos electores por medio do referendun e do recall para intervir decisivamente na gobernación de Galicia. Demuestra como o Estatuto será unha economía a súa imprantación e sobor todo enumera moitas das ventaxas que producirá.

Fala do que é a economía galega e como pode resolverse o seu melloramento en canto Galicia poida darse unhas leis axeitadas ao que Galicia é. Lembra o exemplo de Dinamarca e Holanda ao falar do cooperativismo e as súas ventaxas en canto en Galicia poida ser un feito ao que hai que ir axiña que o Estatuto esteña en vigor.

Refírese aos impostos inxustos que Galicia paga pol-o seu sometimento ao centralismo e como outras rexións conquiren ventaxas e privilexios porque prantexan aos gobernos problemas graves que Galicia, pol-a súa mansedume, non ocasiona.

O Estatuto non é da enteira satisfacción dos galeguistas que pensamos e podemos demostrar que Galicia necesita máis amplias facultades pero o Estatuto tal como vai é o primeiro paso para liberar a Galicia das cargas que sobor d-ela pesan e poñela en franquía para poder en pouco tempo transformar en absoluto a vida e a economía galega n-un senso máis xusto e beneficioso.

Fala dos puntos da declaración de principios do Partido Galeguista que son todo un programa para Galicia. Hai que ir a súa imprantación por medio da liberdade que o Estatuto vai a proporcionar.

Dirixe unhas verbas ás mulleres, en gran cantidade, para invitalas a pensar no porvir dos seus fillos e remata manifestando a ledicia dos galeguistas ante a creación d-estes novos grupos ruraes do Partido que levan a todol-os currunchos da Terra a boa nova da redención da Patria.

Unha ovación quente coroa o seu discurso.

Antes de se disolver o público, os rapaces do Grupo en coro afinado que dirixe o irmán Laxes canta o Himno Galego e outra canción rematándose o acto con vivas á Galicia libre, ao Partido Galeguista e á República.

Os oradores son despedidos con entusiasmo e acompañados por moitos irmáns deica a carretera.

Días máñicas xornadas para o galeguismo e para a causa da Autonomía que se olla latexar fortemente en todol-as comarcas de Galicia.

En Chantada

Celebróuse o domingo un grandioso acto galeguista en Chantada para presentación do novo Grupo.

Concurriron milleiros de persoas de toda a comarca chantadesa e faláron n-el os irmáns Piñeiro, Aller e Castelao.

Eoi un dos máis xurdios mitins que se ten celebrado na provincia e unha xurdia xornada para o galeguismo.

No número próisimo daremos unha ampria reseña deste gran mitin

Grupo de Carreira

Aprobado pol-o Goberno civil o Regramento ficou constituído en Carreira (A Cruña) un novo Grupo galeguista numeroso i-entusiasta que se propón desenrolar no Concello de Riveira unha gran laboura.

A directiva ficou composta pol-os seguintes irmáns:

- Presidente, Xuán Prego Vidal.
- Segretario, Francisco Santamaría.
- Vice, Xuán Vidal.
- Contador, Antón Prego Vidal.
- Tesoureiro, Ramón Ameal.

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquitecto
Vigo

Mocidade de Monforte

Na xuntanza do día 10, ficou elixida a directiva desta Mocidade, da seguinte maneira: Vicente Fernandez, Segretario Xeral; Arturo Figueiras, Segretario de Orgaizacón; Ramón Rodríguez, Segretario de propaganda; Darío Taboada, Segretario de Correspondencia; Conselleiros, Pedro Mazaira e Enrique Ares.

Temos a ledicia de que fora esta a primeira xuntanza, na que se fixo algo práctico: nas derradeiras todo se reduxo a tomar uns cantos acordos máis ou menos de boa fe, e a lembranza de algo que non tiña ningún senso práctico. E non é que esteña mal esto, si non que tendo outros problemas máis grandes, que afectan máis fundamentalmente á vida da Mocidade, e outras cousas que acadar, abonda todo o que non sexa a resolución distes problemas.

Nesta xuntanza fíxose a promesa (na dos cargos da directiva) que, o que deica hoxe foi modelo de apatía, sexa deixi en adiante, o espello onde se han de mirar, as demais Mocidades. pro cal ninguén esquecerá a súa obligación.

Comenzou a xuntanza, con unha interpelación do irmán Ruben Rodríguez, sobor da pretendida xuntanza, con Esquerda Republicán, tomándose o acordo por unanimidade, de marchar intimamente unidos con iles. Esí mesmo se tomaron outros acordos comenentes pra marcha da Mocidade.

Rematou un irmán con brillante discurso, no cal fai historia do Movemento Nacionalista Galego, desde o século XVI até os nosos días.

Por último postos en pé todol-os irmáns, comenzouse a cantar moi baixinho o Himno Galego, indo rubindo pouco a pouco, deica a saír d-unhos peitos rexos, viriles e mozos o forte berro de «Fogar de Breogán».

Pol-a Mocidade,
DARIO TABOADA

Grupo de Córghomo

O Grupo de Córghomo (Barco de Valdeorras) que deica agora viña funcionando xuntamente co de Portela foi reorgaizado independentemente tendo sido aumentado en gran cantidade o número de irmáns que o compoñen.

Aprobado o seu Regramento pol-o Goberno Civil elixiu a seguinte directiva:

- Presidente, Antón Arias Prada.
- Vice, Manuel Guitián Follu.
- Segretario, Florencio Delgado.
- Vice, Felipe Rodríguez.
- Tesoureiro, Blas Lopez.
- Contador, Aurelio Losada.
- Bibliotecario, Francisco Delgado.
- Vocaes: Leopoldo Lopez, Xosé Delgado, Domiciano Guitián, Agustín Lopez e Manuel Gonzalez.

Este Grupo anda a desenrolar gran actividade proselitista que traxerá axiña a formación de novos grupos no distrito do Barco.

Grupo de Celanova

Outro novo Grupo da circunscrición ourensán que entrou en período de reorgaización e actividade. Aprobado o seu Regramento ficou constituído legalmente desñando a directiva, entusiasta e traballadora, que compoñen os irmáns seguintes:

- Presidente, Delfín Santalices.
- Vice, César Rodríguez.
- Segretario, César Méndez.
- Tesoureiro, Ramiro Fernandez.
- Contador, Antón Estevez.
- Vocaes: Abel Martínez e Antón Callexa.

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

La Erizana

Fábrica de Aserrado de Madeiras para construcións

ESPECIALIDAD EN MACHIEMBRADOS

Forno de Cal en VIGO (Cataboy)

Dirixirse a Román Martín. - Telefono 1657

Antón Vilar Ponte, bandeira e símbolo

O grupo alpinista «Abrente», que en pelegriñaxe constante, ven facendo gloria dos poetas e homes de ben da nosa nai Galicia, rinde homaxe postreiro ao chorado Mestre e pai do pobo galego Antón Vilar Ponte.

Faleceu na Cruña, e no seu enterro—que foi unha imponente manifestación—alguén, co bigaro nos beizos i-acongoxadamente, dixo: «¡Ti non morreches Antón Vilar Ponte!»

As verbas de homaxe postreiro de Galicia enteira e as afervoadas e sentidas que acabades de escoitar, cóntanos a infinda laboura do patriarca Antón Vilar Ponte; máis eu, n-ista lembranza, tan probe e pálida a beira dos que tiveron a delicadeza de mandar coartelas pra iste homaxe, e de aquiles que co-a súa presenza nos honran iste acto, falarei á miña maneira tan cativa, do home que vive na alma de todo bon galego.

¡Antón Vilar Ponte! Ti, que viviches a malenconia intensa de todo aquel que sente, pensa e ama sin lindeiros a nosa terra galega; ti, que foches un loitador incansábel da causa galeguista; ti, que tiveches a meirande fortaleza espiritual e folgos sin agoniar nunca pra arremeter todol-os sitios posibeles esa necesidade urxente, apremiante e imposterábel de combatir a podrencia do noxento e mouro caciquismo e a lacra d-un centralismo mandón que corroe a Galicia en todo intre; ti, que foches o Mestre do máis forte espírito xusticieiro, que decote pregabas para Galicia os dereitos que en xusticia lle eran seus; ti, varil e lumioso das liberdades do pobo galego, que espaxastes unha semente altamente ideolóxica que vivirá na alma de cada un dos fillos toda a vida; ti, Antón, poeta totalmente namorado do fogar, rebelde, de isa rebeldía de bóns e xenerosos, sanción e limpo de corazón, ti e a túa laboura fundamente galeguista, toda ela cheia d-un ardente e apaixonado amor a Galicia, constituíes para todal-as orgaizacions do rexurdimento galego, unha bandeira que levaremos inzada no máis outo do noso curazón. Antre nosoutros eres un símbolo glorioso que alenta co contido da túa obra de Mestre e apóstolo as nosas loitas contra os xudas e fariseos que se adican a pregoar aldraxes e asoballamentos a nosa nai Galicia.

Ao perderche Antón Vilar Ponte, a door do fogar de Breogán, sabémola conxunta co-a de todo home de espírito liberal e democrata; ¡ai!, pro non ha de sere pra nós a túa perda, impresión de u intre pasaxeiro, pois hemos de saber gardar a túa lembranza e sentirche a carón de nós todo tempo... A túa soma e

o teu espíritu está con nós, porque eres unha bandeira, porque eres un símbolo.

Velahí porque Antón Vilar Ponte é inmorrente, como dixo alguén no intre do seu enterro.

Xuntos, pois, espiritualmente, ergeremos isa bandeira, e c-un berro que abrouxe, outo, moi outo, de ¡Viva Galicia! non deixaremos que a inxurien e aldraxen os extranxeiros.

Agora, compoñentes do grupo alpinista «Abrente». Vós que vindes lembrando a os bardos galegos. Vos que sabedes a grandeza de aquiles irmáns como Pondal, Viqueira, Manuel Antonio, Porteiro, Lousada, Amado Carballo, etc., etc. Vos que sabedes de Curros Enriquez, aquel poeta civil das rebeldías que invitaba as moceadas a correr os «Lobos da terra e os lobos do ceo», pol-o amor de todos eles, hemos hoxe, abrindo os ollos á un novo vivir, dende iste mirador do chorado pai Antón Vilar Ponte, facer promesa de conquistar unha Galicia grande, libre, limpa e leda, soñada baixo o mesmo signo de emoción que il tivo.

XESÚS NOYA IGLESIAS
(Do homaxe de «Abrente»).

Grupo de Monforte

O día 24, reuniuse en xuntanza xeral o Partido Galeguista d-ista localidade, no seu local social, onde se trataron asuntos de gran trascendencia que foron entre outros os seguintes:

Dispois da aprobación da aita da derradeira xuntanza, aprobouse tamén e sen ningunha dificultade, a ficha dos irmáns D. Carlos Sánchez Taíz, abogado, D. Benigno Pardo e Pardo, mestrel nacional, e D. Manoel Ledo, labrego.

A directiva deu conta da súa laboura até a data.

Respeito do pran a seguir ante o plebiscito, acordouse dirixirse oficialmente ao Comité Central pra que manden propagandistas que, en colaboración co Grupo de aquí, fagan laboura neste senso nas cibdades e vilas; facenda nas parroquias os elementos do Partido combinados cos da Mocidade, que empezarán o domingo vindeiro por ir a Ousende que pros efectos sairá un coche as tras e media do serán da Rua do Cardeal.

Acordouse tamén facer as convocatorias, en adiante, no semanario do Partido A NOSA TERRA e da prensa en xeral.

Rematada a sesión, entonouse o Hino Galego por todos os afiliados postos de pe.

Ó Segretario.
ROSENDO SALGUEIRO.
Xunio do 1936.

Otero Pedrayo presidente do S. de E. G.

Por virtude da vacante producida pol-o nomeamento de Rector da Universidade do señor Iglesias, o Seminario de Estudos Galegos desinhou por unanimidade como presidente ao noso querido irmán Ramón Otero Pedrayo.

Sería impropio que agora, fixéramos aquí ningún razonamento en favor do acerto que o Seminario tivo ao facer esta desinación e máis impropio aínda que faláramos dos méritos que Otero Pedrayo reúne para presidir o Seminario.

Otero Pedrayo a figura máxima da intelectualidade galega vai presidir a nosa primeira entidade cultural.

Da laboura que Otero ha realizar ao frente do Seminario aventurámonos a afirmar que será xurdia e numerosa.

Ante a noticia, que nos ten causado legría infinda, parécenos que o que compre é que nos felicitemos todos e felicitemos ao Seminario que tan ben soupo escoiler o home axeitado para ocupar a súa dirección.

Para os Grupos

Sinalada a data para o Plebiscito considera o Comité Executivo do Partido que é mester que os Grupos adiquen preferentemente todal-as súas actividades aos traballos tendentes a súa preparación.

Os Grupos serán invitados a formar parte dos Comités que se formarán en todol-os Concellos. Os Grupos disñarán delegados que actúen con entusiasmo e forte actividade ao ouxeto de motorizar os traballos dos Comités en todol-os sensos.

Sendo esta a angueira urxente, inmediata e trascendental pol-o que representa para o Galeguismo e para Galicia a ela deben ser adicadas as nosas actividades, incluso, si fose mester, relegando a segundo termo durante este tempo as cousas propias do Partido.

O Comité agarda de todos, Grupos e irmáns, seipan decatare do intre e multipliquen a súa actividade.

Stalin ha definido las características de una nación de la siguiente manera:

“La nación es una comunidad estable, constituida históricamente por hombres que une la comunidad de idioma, de territorio, de vida económica y de mentalidad psíquica, que se manifiestan en la comunidad cultural”.

Galicia responde plenamente a todas esas características, por lo que es una nacionalidad perfectamente definida.

¡Obreros! ¡Campesinos! ¡Pueblo en general! ¡A votar la Autonomía e incluso la independencia de Galicia!

(Do semanario socialista «La Hora», de Pontevedra).

Estatuto de Galicia

SI

Velahí a candidatura que debe votar todo bo galego.

Regramento para os Grupos

Con ouxeto de facilitar a laboura dos novos Grupos Galeguistas en formación, a Oficina do Partido imprentou un tipo de Regramento común a todol-os Grupos e tamén a respectiva Acta de Constitución.

Enviaremos axiña aos Grupos das capitales algúns exemplares e os Grupos que tamén lles intrese poden solicitar da Oficina o seu envío.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

A nosa terra

AOS SUSCRITORES

Estando a vencer o semestre actual e sendo os pagos da suscripción adiantados poñemos en conosecemento dos suscritores dos pobos onde non temos corresponsal que dentro de poucos días poñeremos ao cobro por medio de reembolso a suscripción do próximo semestre.

Os gastos que ocasiona este sistema de cobranza elévanse a 0'70 pesetas dos que somentes cargaremos 0'50 sendo así que os reembolsos serán por valor de 4'50.

Pregamos aos suscritores os atendan a súa presentación.

AOS CORRESPONSAES

Dentro de breves días comenzaremos a enviarlles os recibos dos suscritores do segundo semestre.

Aos corresponsaes que aínda non liquidaron os recibos anteriores pregámoslle o fagan axiña para evitar a aglomeración de recibos no seu poder.

Igualmente lembramos aos que non liquidaron os derradeiros paquetes enviados se sirvan facer a liquidación até o día.

LECTORES:

QUÉN QUEIRA UN TRAXE BÓ, XEITOSO E QUE LLE CUSTE POUCO DIÑEIRO, QUE O FAGA NA XASTRE-RIA DE

Xosé Varela da Costa

14 DE ABRIL, 16
(perto do Tamberlick)
VIGO

FRANCISCO Barreiro Salas
Perito Agrícola
Santiago

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

CAFÉ

GALICIA

Cantón Grande

A Cruña

PENSION COMPOSTELA

Avenida de Eduardo Dato, 25 2.º

MADRID

¡Eis a pensión dos galeguistas!

OS TEMPRANOS DE EIRIS

Cuarteto para Festas e Romaxes

EIRIS, 39

A CRUÑA

IMPERMEABILIZANTES

VATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construcións e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e folietos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

Redacción - Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra
SUSCRIPCIÓN: 4 pesetas semestres. Pago adelantado.
Número solto: 15 cts.

A nosa terra

semanario do partido galego

Año XX Galicia, 5 de Xunio do 1936 Núm. 417

Declaración de principios do P. G.
I. Galicia, unidade cultural.
II. Galicia, pobo autónomo.
III. Galicia, comunidade cooperativa.
IV. Galicia, célula de universalidade.

ANTE O PLEBISCITO

Resume de algúns danos ocasionados a Galicia polo centralismo

Está fixada xa pol-o Comité Central a data do Plebiscito. Galicia antes de un mes vai a decidir dos seus destinos. Nós temos fé plena e absoluta en que á interrogante que se lle formulará ise Día (novo Gran día da Terra) responderá con un **SI** rexo e firme. Aproxímase, pois, o intre en que o noso Pobo vai guindar, n-un pulo de galegüidade e cidadanía, co réxime de centralización que vimos padecendo. A Autonomía é pra nós, sobor de todo, conquista de orde espiritual,

recobramento da nosa nosa dignidade de Pobo, exaltación de Galegüidade, afán de que a voz de Galicia poida incorporarse noblemente ao concerto dos pobos da Península e do Mundo. Máis é tamén o meio de que a nosa Terra poida ceibarse de moitos dos danos producidos pol-o Centralismo. Cando Galicia se dispón a redimirse d-iste sistema, funesto e castrador, parécenos oportuno reproducir en páxina completa, algúns dos traballos con que A NOSA TERRA ten posto de manifesto algúns dos moitos danos e inxusticias de que o Centralismo nos fixo ouxeto.

GALEGOS, COMPARADE

Da nosa servidume tributaria

Na Hespaña, a tributación media das terras cultivadas é de 5'16 por Ha. En Galicia, esa mesma tributación sube a 15'78 por id.

As provincias de Badaxós, Segovia, Valladolid, Soria, Castellón, Vizcaya, Alava, Barcelona, Cáceres, Zamora, e Navarra...
Teñen unha extensión de 11.274.000 Ha.
Pagan por contribución territorial 18.858.395 Pts.
Ou seja: 1'66 pts. por Ha. de superficie.
Galicia que mide 2.915.000 Ha.
Paga por territorial 18.401.520 Pts.
E decir: 6'32 pts. por Ha. de superficie.

Alava Guipúzcoa, Vizcaya, Badaxós, Segovia e Valladolid...
Miden 4.386.000 Ha.
Pagan 3.091.995 Pts.
A provincia de Pontevedra mide 439.100 Ha.
E paga 4.542.721 Pts.
A provincia de Badaxós, con 2.184.801 Ha.
Paga 154.691 Pts.
O Municipio de A Estrada paga 265.000 Pts.
O de Tomiño 129.000 Pts.
O de Silleda 117.000 Pts.

A provincia de Segovia (con unha zona de cultivo que supera a extensión total da provincia de Pontevedra) contribuye con 635.000 Pts.
Os Municipios de A Estrada, Salvaterra, Tomiño e Silleda pagan 635.000 Pts.

(Os datos que serviron de base a estes cálculos están tomados das estadísticas oficiais).

A desigualdade asombra, ¿verdade? Pois non hai máis que un camiño para rematar co-ela: AUTONOMIA. Isa é a solución permanente. As demais sirven somentes para que Galicia teña que estar erguéndose a cada intre contra os atendados que dentro de Madrid se perpetúan contra da nosa economía.

Como se reparte o presuposto do Estado

Imos ver agora uns cantos índices reveladores da forma —perjudicial para Galicia tamén— como se reparte o presuposto do Estado.
TURISMO
Presupostáronse, en 1933, arredor de 7.000.000 de pesetas. Poboación de Hespaña 25 millóns. Corresponde a cada habitante, 0'28. Gastáronse en Galicia arredor de 50.000. Como a nosa poboación é de 2'5 millóns, corresponden a cada habitante, 0'02. Que non se nos veña coa monserga de que se fixo propaganda de Galicia como país de turismo Porque ¿quén viu carteles, folletos, páxinas de prensa, et., adicados a nosa Terra?
AGRICULTURA
N-ese mesmo ano, o Estado gastou en Agricultura 188.000.000 pesetas. E non invertiu en Galicia máis que 400.00 pesetas. De onde resulta que o gastado para Agricultura dá: Para Hespaña 5'48 por habitante e 13'79 por kilómetro. Para Galicia 0'16 por idem e 270'— por idem. A diferenza non pode ser máis eloquente. Sobor todo si se ten en conta que Galicia é unha terra preponderadamente agrícola. No ano actual a diferenza é maior aínda, pol-a protección que se está dispensando, a conta do Estado, aos grandes acaparadores casteláns (non aos labradores humildes que sería disculpable).
OBRAS PUBLICAS
Presuposto total 873.3000.000 pesetas.

Abandono da nosa produción

Todos sabemos que o noso gando e a nosa agricultura sofren danos enormes por culpa ao abandono en que nos ten o Estado Centralista que padecemos.

Máis poucos saben a formidábel cifra de millóns que ises danos representan cada ano para economía de Galicia.

Pois ben: vel-os elqui, según resulta dos traballos publicados pol-o Sr. Gallástegui, cúa autoridade é recoñecida por todos.

Perda na colleita de millo, 145 millóns.

Idem na de patacas, 180 id.

Idem na de semente de pataca temprana, 100 id.

Idem na trabucada produccion gandeira, 135.

Idem en enfermidades do gando, 20 id.

Idem na industrialización de queixos manteigas, etc., 75 id.

Total, 615 millóns, que Galicia perde cada ano.

GALEGOS: Fagamos n-esta Data propósito de reanimar á nosa Terra da súa ruína económica.

Gastado en Galicia 18.000.000. De onde resulta a seguinte relación no que atingue a esta crase de gastos: Para Hespaña 34'25 por habitante e 1.534'32 por kilómetro. Para Galicia 7'20 por idem e 60'— por idem.

TRABALLO E PREVISION

Promedio do total gastado en Hespaña nos derradeiros anos 84.000.000 de pesetas. Idem en Galicia, 250.000. Corresponde a Hespaña: 3 pesetas por habitante e 17 por kilómetro. Idem a Galicia: 0'10 id. por id. e 8 por id.

INSTRUCCION PUBLICA

Promedio gastado en Hespaña, 300.000.000 de pesetas. Idem en Galicia: 26.500.000. Corresponde a Hespaña: 12 pesetas por habitante e 600 por kilómetro. Idem a Galicia: 7 por id. e 580 por id.

GOBERNACION E SANIDADE

Promedio gastado en Hespaña, 400.000.000 de pesetas. Idem en Galicia, 12.000.000. Corresponde a Hespaña: 16 pesetas por habitante e 800 por kilómetro. Idem a Galicia: 4'8 por id. e 400 por id.

ESTRADAS

Derradeiramente, daremos o índice

GALEGOS, COMPARADE

Da nosa servidume tributaria

Máis o exemplo que hoxe queremos traer a esta seición é a comparación da tributación de Galicia coa das Vascongadas. Sangrante, tamén. Vexámolo, asegún os documentos oficiais de 1930:

	Galicia	Vascongadas
Territorial.	24.774.000	1.512.000
Industrial.	8.274.000	3.526.000
Minas.	251.000	404.000
Transportes.	3.102.000	815.000
Utilidades.	6.868.000	16.806.000

Podíanse facer máis comparacións. Pero con estas, que son as de maior importancia, abonda. A desproporcion chonta aos ollos e irrita. Pero aínda se pon máis de bulto comparando tamén as bases contributivas. Vexamos: Pontevedra mide 4.391 kilómetros. Ten 568.000 habitantes. Paga por Territorial 6.526.000 pesetas. As Vascongadas miden 7.093 kilómetros. Teñen 892.000 habitantes. Pagan Por Territorial 1.512.000 pesetas.

A importancia dos Bancos e Sociedades Anónimas está representada pol-as cifras seguintes:

EN VASCONGADAS		EN GALICIA	
Capitales	Beneficios	Capitales	Beneficios
159.700.000	37.000.000	Bancos 13.500.000	2.500.000
1.828.100.000	—	Sociedades A. 77.700.000	—
1.987.800.000	—	91.200.000	—

Poi ben, según resulta do cadro primeiro, o que pagan é:

	Vascongadas	Galicia
Por Industrial.	3.526.000	8.274.000
Por Utilidades.	16.806.000	6.806.000
	19.232.000	15.080.000

Derradeiramente: Os autos matriculados en 1929 eran: En Galicia 8.748. Nas Vascongadas 14.751.

¿nda poderá haber quén du le da nosa SERVITUDE TRIBUTARIA?

de gastos de estradas; para saír, de camiño, ao paso d-un tópico moi extendido, non somentes fora, senón tamén en Galicia. Din algúns: «Galicia non ten ferrocarris, máis no tocante a estradas estamos ben». E aínda hai quen afirma que estamos moi ben. Un dos deputados mudoos que hoxe nos representan chegou a decir que Galicia tiña n-este punto unha débeda de gratitudade cos caciques da monarquía (¿qué tal?). Pois imos demostrar con números que non é así: En primeiro termo: a estrada Villacastín a Vigo, unha das máis importantes, foi construída con diñeiro das Diputacións galegas ¡ainda non reintegrado!

En segundo, véxanse os seguintes índices: Por cada 100.000 habitantes hai en Galicia 207 kilómetros de estrada. En Hespaña, 277 kilómetros. O promedio de gastos de conservación, durante un quinquenio, foi: en Galicia, de 638'75; en Hespaña, de 789 pesetas. N-ese mesmo tempo, o promedio de gastos de estudio, construción, conservación, foi en Galicia ed 2.156.878 pesetas. En Hespaña, 2.291'030. Despois d-esto, ¿habera quen quede aínda con dúbidas?

